

PROXECTO-MEMORIA

**ESTEREOTIPOS, ACTITUDES SEXISTAS E
VIOLENCIA DE XÉNERO**

Maria Lameiras Fernández

José Maria Failde Garrido

Yolanda Rodriguez Castro

Maria Victoria Carrera Fernández

Universidad de Vigo

Indice

I. APROXIMACIÓN TEÓRICA A PROBLEMATICA DA	1
VIOLENCIA DE XÉNERO	
I.1 Introducción	1
I.2 Delimitación conceptual	5
I.3 As raíces da violencia de xénero	7
I.4 A ideoloxía patriarcal e as actitudes sexistas	9
II. OBXETIVOS	12
II.1 Obxetivo xeral	13
II.2 Obxetivos específicos	13
III. PLAN DE TRABALLO	14
III.1 Cronoloxía	16
IV. METODOLOXÍA	16
IV. 1 Mostra	16
O diseño da mostra e o resultado da súa elección	16
O procedemento operativo e a execución mostral	26
As incidencias mostraíros e o rendemento informativo do cuestionario	42
IV. 2 Instrumentos	45
V. RESULTADOS	47
V.1. Variables sociodemográficas	47
V.2. Actitudes sexistas	52
V.3. Actitudes hacia conductas violentas	54
V.4. Relacións entre escalas de actitudes e conductas violentas	54
VI. CONCLUSIÓN	65
VII. BIBLIOGRAFIA	69

I. APROXIMACIÓN TEÓRICA A PROBLEMÁTICA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

I. 1 Introdución

A violencia exercida contra as mulleres representa un problema de tal magnitude que traspasa todas as fronteiras para converterse nunha auténtica pandemia de gravísimas consecuencias na saúde e no benestar das mulleres e da sociedade no seu conxunto.

O ano 1995 supón un punto de inflexión na loita contra a violencia que sofren as mulleres a nivel mundial: A ONU, auspiciada polo espaldarazo que supuxo a conferencia de Beijing, estableceu como un dos seus obxectivos estratéxicos a loita para erradicar a violencia contra as mulleres. Doce anos despois os datos amosan que aínda estamos lexos de cumprir ese obxectivo. A Organización das Nacións Unidas (ONU) considera a violencia exercida contra as mulleres, maioritariamente dentro do ámbito familiar, como o crime encuberto mais numeroso do mundo. E segundo datos da Organización Mundial da Saúde (OMS, 2002) ata un 70 % das mulleres vítimas de asasinato perecen a mans dos seus conxugues o compañeiros.

Nun recente estudo trasnacional sobre a violencia exercida contra as mulleres (Johnson e Kishor, 2004) levada a cabo en nove países (Camboia, Colombia, República Dominicana, Exipto, Haití, India, Nicaragua, Perú e Zambia) se confirma a gravidade de esta problemática, tendo en conta a altísima incidencia. As porcentaxes máis elevadas corresponden o 48 % das mulleres de Zambia e o 44 % das mulleres colombianas, fronte o 18 % das camboianas e ó 19 % das indias que sofren algún tipo de maltrato.

Dende o Consello de Europa (2006) deuse a voz de alarma sobre a situación de maltrato das mulleres europeas e denuncian que unha de cada catro sufriu malos tratos ou violencia física polo menos unha vez na súa vida, e unha de cada dez sufriu agresións sexuais, sendo as inmigrantes un colectivo de especial vulnerabilidade. Dende o Consello de Europa (2006) tamén se subliña o alto custe que a violencia de xénero está tendo no continente, tanto

no ámbito persoal, social, xudicial, policial e sanitario; costes que ascenden según as previsións máis baixas a 2.400 millóns de euros por Estado.

En España na constitución de 1978 amparase a igualdade, e no seu artigo 15 se ratifica o dereito de tódolos cidadáns e cidadanas a vida e a integridade física e moral sen que en ningún caso se poida someter a torturas nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Pero no será ata o asasinato en 1997 de Ana Orantes polo seu ex-marido, polo-la gran alarma social que xenerou a súa difusión mediática, que se propiciou o inicio dos rexistros oficiais de maltrato e asasinato de mulleres en España por a súas parellas, aínda que non sería ata 2002 momento no que se inclúen nas estadísticas tamén os cometidos por ex-parellas e parellas coas que non se convive (que representa o 44,4 % dos casos no que vai de ano; Instituto da Muller, 2007). Como resposta institucional a esta alarmante realidade que está provocando a morte cada ano de máis mulleres, elevándose a 100 o número de mulleres asasinadas en 2004, en decembro de ese mesmo ano aprobábase a primeira Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero en España (BOE 313, 29 de decembro de 2004) o que supón un relevante e significativo espaldarazo xurídico para a erradicación de esta problemática. Dita lei establece como obxectivo “actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre éstas” (p. 42.168). En Galicia ven de aprobarse no parlamento a primeira Lei Galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (17 de xullo de 2007, DOG 26 de novembro), co respaldo de tódolos grupos políticos, marcando un hito histórico na loita pola erradicación na nosa comunidade.

Os datos dispoñibles das últimas macroencuestas realizadas a nivel nacional (abril 2006) como na comunidade Galega (maio 2006), encargadas respectivamente polo Instituto da Muller e Servizo Galego de igualdade, refiren unha porcentaxe de mulleres que se autoidentifican como maltratadas do 3.6 % (España) e do 3.2 % (Galicia). Ademais dos datos obtidos do total de mulleres entrevistadas, 32.426 mulleres residentes en España de 18 anos o máis, conclúese que a porcentaxe de mulleres maltratadas se incrementa o 9.6 % e 8.5 % respectivamente (España/Galicia) por ser consideradas “técnicamente” como mulleres maltratadas aínda que elas non se identifiquen como tales. Por

outro banda, si atendemos a os casos de denuncias por malos tratos presentadas nos 40 xuzgados de Violencia sobre as mulleres existentes en toda España así como nos 417 xuzgados con competencias compartidas, recollidos no primeiro Informe do Observatorio Estatal contra a Violencia de Xénero (xullo 2007) -auspiciado dito organismo pola Lei Integral contra a Violencia de Xénero e sendo preceptivo para o mesmo enviar anualmente un informe o parlamento-, podemos comprobar que soio no primeiro trimestre de este ano presentáronse un total de 29.277 denuncias, o 80 % directamente polas vítimas. Se constata en dito informe que o número de denuncias por violencia de xénero aumentou máis de un 70 % entre 2002 e 2006, pasando a taxa de denuncias por cada mil mulleres de máis de 18 anos de 2,66 % en 2002 o 4,29 % en 2006. Realidade que se estende por tódalas comunidades autónomas, sendo Baleares, Canarias, Andalucía, Madrid, Murcia, Valencia e Cataluña as que aglutinan as porcentaxes mais elevadas de denuncias. E aínda que Galicia encóntrase entre as comunidades con menor incidencia de denuncias, acapara o trágico balance da peor porcentaxe de mulleres mortas no que vai de ano, con un 3,49 % por millón de habitantes, porcentaxe soio superado por Castilla la Mancha (4,16) e Asturias (3,57). Estando a media nacional en 1,68. Estas porcentaxes tradúcense nun total de 69 mulleres asesinadas por as suas parellas o ex-parellas en España dende o 1 xaneiro ata o 25 de novembro de 2007.

I.2. Delimitación conceptual

O falar da violencia que sofren as mulleres o primeiro escoio é o relativo a terminoloxía utilizada. Foron moitos os vocablos os que se recurriu para describila, dende violencia doméstica, violencia familiar, violencia contra as mulleres, violencia de xénero ou violencia sexista/machista. Estes termos foron utilizados en múltiples ocasións como sinónimos pero soio a través de unha axeitada delimitación conceptual poderemos abordar con rigor e claridade unha realidade tan complexa como esta.

O concepto violencia doméstica é un dos termos máis utilizados para abordala problemática da violencia que sofren as mulleres, nen bergantes este

conceito presenta dúas claras limitacións. En primeiro lugar considerase violencia doméstica a todo tipo de violencia física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural e espiritual (tal como delimita o Consello de Europa) exercida polo conllugue ou parella, así como sobre aqueles membros da familia que forman parte do mesmo núcleo de convivencia; de tal xeito que con este concepto se abarca non soio a violencia que sofren as mulleres dentro do ámbito familiar, senón tamén a que poden sufrir os propios homes, os/as fillos/as, os/as anciáns/as e discapacitados/as membros da familia e quedaría excluída a cometida por persoas con as que non se conviva (aínda que dende 2002 si se contempla a súa inclusión nas estatísticas como xa se referiu). En segundo termo o termo violencia doméstica enmarca o exercicio da violencia o habitat familiar, e aínda que é certo que este é o ámbito no que mais frecuentemente se comete a violencia contra as mulleres, non é o único, as mulleres tamén poden sufrir violencia no ámbito extra-familiar como é o ámbito laboral no que non é infrecuente o acoso sexual e/ou acoso psicolóxico (Mobbing).

Xunto o concepto de violencia doméstica utilizouse en menor medida de forma intercambiable o termo de violencia familiar que presenta as mesmas limitacións que o primeiro pero permite ampliar o ámbito familiar máis aló dos membros que conviven, pero segue circunscibindo a éstos.

Tendo en conta estas consideracións sería máis axeitado recurrir a outro termo que amplíe os límites que impón a violencia familiar a hora de abordar a violencia que sofren as mulleres, e que dende un abordaxe estricto do termo non permite incorporar axeitadamente a variable casuística existente.

Outro vocábulo que foi masivamente utilizado é o de violencia contra as mulleres, e aínda que parece axeitado e suficientemente abarcador. Esa é precisamente a súa limitación xa que non especifica a “causa” que explica a violencia considerando ademais a “todas” as mulleres como posibles vítimas en contraposición a “todos” os homes como posibles agresores. Se ben é certo, como foi constatado polos datos, que as dimensións de esta problemática colocan a un alto número de mulleres como vítima, non todas se someten a ideoloxía patriarcal aceptando a súa relegación a un segundo plano e soportan o exercicio da violencia lexitimada por tal ideoloxía, ni todos os homes se relacionan a través da violencia. Por todo elo parece máis axeitado recurrir o

concepto mais clarificador de violencia de xénero xa que é a aplicación da distinción de xénero e o sometemento incuestionable a esta a que explica a violencia que sofren as mulleres, por tanto é en definitiva unha violencia sexista o violencia machista fruto de adxudicar diferentes características e roles as mulleres e homes e colocalos en unha xerarquía na que os homes ostentan o lugar superior. Dende esta filosofía manifestase a OMS (1994) a hora de delimitar a violencia contra as mulleres, o identificala como todo acto de VIOLENCIA SEXISTA que ten como resultado posible ou real un dano de natureza física, sexual o psicolóxica, incluíndo as ameazas, a coerción ou a privación arbitraria de la liberdade para as mulleres, xa se produza na vida pública ou na privada.

I.3. As raíces da violencia de xénero

A violencia de xénero o violencia machista exercida contra as mulleres polas súas parellas o ex –parellas representa un fenómeno de tal complexidade como para que sexa necesario recurrir a modelos explicativos multicausales (Echeburúa e Fernández-Montalvo, 1998; Corsi, 1995; Heise, 1998). Todos estes modelos -baixo o paraguas multicausal- concordan, como destacan Bosch e Ferrer (2002), que a violencia exercida contra as mulleres dentro das relacións de parella é un fenómeno complexo que soio podrá ser explicado a partir da intervención de un conxunto de factores diversos, incluíndo factores individuais, sociais e do contexto concreto da relación de parella. No modelo ecolóxico multicausal de Lori Heise (1998) fundamentase que non existe ningún factor que por si mesmo sexa o causante do maltrato senón que varios factores se combinan e aumentan a probabilidade de que un home determinado en un ambiente determinado exerza a violencia contra unha muller determinada. Dentro de estos factores atópanse aqueles que actúan no marco sociocultural, factores sociais, do medio económico e social dentro dos que se inclúen as normas que outorgan a os homes o control sobre o comportamento das mulleres, a aceptación da violencia como forma de resolver os conflitos, a noción de masculinidade ligada a autoridade, o honor ou a agresión e os roles ríxidos baseados na diferenciación sexual. Según Lori Heise (1997, 29)

“cualquer estratexia para eliminar a violencia de xénero, debe por tanto, confrontar as carencias culturais e as estruturas sociais que a perpetúan”.

A clave está en comprender como se leva a cabo a “naturalización” da violencia cara as mulleres dende a propia comunidade que a “lexítima” a través da interiorización tanto en eles como en elas dos estereotipos de xénero, en función dos cales as mulleres son discriminadas e relegadas a un papel secundario baixo a autoridade masculina. Así a violencia exercida contra as mulleres extendese non soio nos países menos favorecidos nos que os dereitos lexítimos das mulleres non son amparados por as leis, senón tamén nos denominados países desenrolados con claros regulamentos xurídicos garantes dos dereitos de igualdade entre homes e mulleres, nos que todavía perviven actitudes e comportamentos sexistas baseados na suposta superioridade de un sexo sobre outro.

A violencia de xénero afonda as súas raíces nas normas socioculturales e as expectativas de rol que apoian a subordinación da muller e perpetúan a violencia do varón (American Psycyological Association, 1999). Xa que a diferenciación de xénero non é un produto natural, debe recoñecerse que son as culturas as que “nutren” de contido os estereotipos de xénero e condenan a muller a un papel subordinado e inxusto.

Sen dubida todas as culturas usan as diferencias biolóxicas (físicas) entre sexos como base para facer distincións sociais que supoñen a asignación de valores, cualidades e normas en función do sexo o que pertencemos. Así a través dos estereotipos de xénero “descriptivos” se determinan como “deben ser” os homes e as mulleres (características intelectuales e de personalidade), e a través dos estereotipos de xénero “prescriptivo” se establecen as condutas ou roles que “deben levar a cabo” cada un (conduta). En función dos estereotipos “descriptivos” especifícanse os aspectos intelectuales e os rasgos de personalidade. De xeito que a os homes lles “corresponde” a ciencia, a razón e a lóxica; e, a as mulleres a estética, a sensibilidade e a intuición. En segundo lugar, en relación a os rasgos de personalidade os homes se lles describe a través da independencia, asertividade e dominancia; e, as mulleres describeselles dende a dependencia, a sensibilidade e o afecto (Eagle, 1995). E son os estereotipos “prescriptivos” os que condicionan o tipo de actividades e distribución das ocupacións (Pastor, 2000). De modo que os roles ou papeis

asignados para cada sexo se proxectan dende os estereotipos descritivos. Isto implica recoñecer que a existencia de roles ou papeis diferenciados para cada sexo é a consecuencia “natural” de asumir a existencia de características (intelectuais e de personalidade) diferentes. O que supón considerar a os homes con rasgos “necesarios” para ostentar o poder e gobernar as institucións socio-económicas e políticas, xustificando así o poder estrutural masculino, e relegando a muller o ámbito familiar e doméstico. Así a asimetría de roles provoca a división do espazo público e privado como ámbitos separados para ambos sexos, apoderándose o home do espazo público ou político e relegando a muller o espazo privado ou doméstico. A internalización dos estereotipos de xénero como “normais” aceptando que “así foi sempre” nos leva o que García León (citado por Muñoz Luque, 2003) denomina “violencia simbólica”, en realidade unha apreciación “errónea” da realidade en función da cal homes e mulleres “recoñecen” a dominación masculina como a orde da vida social.

I.4 A Ideoloxía patriarcal e as actitudes sexistas

O concepto de patriarcado incorpora dous compoñentes básicos: unha estrutura social que é o sistema de organización social que crea e mantén unha situación na que os homes teñen mais poder e privilexios que as mulleres; e, unha ideoloxía ou conxunto de creencias acompañantes, que lexitima e mateñen esta situación (Ferrer e Bosch, 2006). A ideoloxía patriarcal fai referencia o control estrutural dos homes sobre as institucións políticas, legais, económicas e relixiosas e sobre as mulleres. De acordo con Jhonson (1995), as consecuencias das tradicións patriarcais de considerar o control do home sobre as súas mulleres “lexítimo” da lugar o que se chama “terrorismo patriarcal” que implica o uso sistemático da violencia e da subordinación económica, ameazas e outros mecanismos de control. Tal como destaca Lenton (1995) nunha sociedade patriarcal existe un desequilibrio de poder nas relacións entre homes e mulleres que estarían na base da problemática da violencia exercida contra as mulleres dentro das relacións de parella e suxire

que é necesario examinar estas creencias patriarcales en detalle para incrementar a nosa comprensión da violencia de xénero.

Dentro da ideoloxía patriarcal, o home que ten que exercer o papel dominante, é o responsable de manteñen a estrutura familiar a través dos mecanismos que considere necesarios. Polo contrario o papel da muller é o de coidar de tódolos membros da familia e ser dependente do seu marido para protexer a estrutura familiar. O que desemboca propiciando actitudes sexistas. O sexismo, que foi definido como unha actitude negativa que deriva en unha conduta discriminatoria baseada na suposta inferioridade das mulleres, que é, relevante e foi creado polo patriarcado.

Pero si entendemos o sexismo exclusivamente como unha actitude negativa cara as mulleres é difícil manter a súa existencia nas sociedades mais desenroladas. As manifestacións sexistas nas sociedades occidentales estanse recanalizando cara a novas formas mais encubertas e sutiles de expresión que se seguen caracterizando por un tratamento desigual e perxudicial cara as mulleres (*sexismo covert*). A comprensión da nova cara do sexismo, identificado como sexismo moderno (Swin et al., 1995) o neosexismo (Tougas et al., 1995), aínda que está en contra da discriminación aberta contra as mulleres, considera que éstas xa acadaron a igualdade e que no necesitan ningunha medida política de protección, impedindo con elo a igualdade real. Este sexismo articulase dende unha dimensión social (público-laboral), dende unha perspectiva mais sutil e encuberta e con elo mais perniciosa para os obxectivos de igualdade. Isto supón que amparados na suposta igualdade entre os sexos se impidan as accións positivas que propiciarán a igualdade real na esfera pública. Un sexismo que en calqueira caso non é alleo os presupostos que nutriron de contido o sexismo mais tradicional. Na conceptualización de este sexismo moderno se prima a dimensión social (público-laboral) e con a consideración dos sexos como grupos homoxéneos en conflito. Isto supón asumir que a superación do sexismo vendría dada pola superación da asimetría social entre os sexos, é dicir a igualdade obxectivada e real no ámbito público, que supón superar as barreiras que frean o avance da muller.

Nen bergante, as relacións entre sexos atópanse necesariamente connotadas tamén por relacións de dependencia. Precisamente a complexa

trama de relacións de dependencia e independencia fai das relacións entre sexos unha realidade diferente e singular, con elementos non compatibles cos presentes no resto das relacións intergrupais. Por tanto para maximizar a comprensión do sexismo moderno ten que recoñecerse esta singularidade relacional entre os sexos. Isto supoñen recoñecer que as actitudes cara os sexos serán o resultado de estas forzas diverxentes de independencia e autonomía no contexto social (público-laboral) cas forzas converxentes de dependencia e heteronomía no ámbito relacional. Este recoñecemento propiciou o desenrolo da mais recente e novedosa teoría sobre o sexismo moderno.

A teoría do sexismo ambivalente de Glick e Fiske (1996) é a primeira que recoñece a necesidade de ubicar na comprensión do novo sexismo a dimensión relacional. Sexismo que se operativiza ca presenza de dous elementos con cargas afectivas antagónicas: positivas e negativas (Glick e Fiske, 1996; 1999; 2001). Dando lugar a dous tipos de sexismo vinculados: sexismo hostil e sexismo benevolente.

O sexismo hostil é unha ideoloxía que caracteriza as mulleres como un grupo subordinado e inferior e lexítima o control social que exercen os homes. Pola súa parte, o sexismo benevolente basease nunha ideoloxía tradicional que idealiza as mulleres como esposas, madres e obxectos románticos (Glick et al. 2000). E é sexista tamén en canto que presupon a inferioridade das mulleres, xa que este sexismo recoñece e reforza o patriarcado, pois considera que as mulleres necesitan de un home para que as coide e protexa. A súa vez utiliza un tono subxectivamente positivo con determinadas mulleres, as que asumen roles tradicionais, como criaturas puras e maravillosas cuio amor é necesario para que un home esté completo. E o que é moi importante é que precisamente é o “tono positivo do SB o que debilita a resistencia da muller ante o patriarcado, ofrecéndolle a recompensa de protección, idealización e afecto para aquelas que aceptan os roles tradicionais e satisfagan as necesidades dos homes” (Herrera e Expósito, 2005 p. 380).

En definitiva o realmente novedoso da teoría proposta por Glick e Fiske (1996, 2001) é a combinación indisociable das formas hostil e benevolente das actitudes cara as mulleres que representarían as formas de sexismo mais modernas e que conforman o sexismo ambivalente. Que brota do

recoñecemento da dimensión racional-dependiente entre os sexos como eixe articulador.

Este complexo entramado de forzas de independencia-dependencia e autonomía-heteronomía entre homes e mulleres, configura o actual panorama de discriminación sexista, que continúa perpetuando a xerarquización entre sexos, encumbrando a superioridade masculina e a subordinación do feminino. Niste senxo, para alcanzar a igualdade real é necesario a superación de, polo menos, dous grandes limitacións: que a sociedade en xeral recoñeza o carácter construído e arbitrario dos estereotipos de xénero; e que as mulleres, e no sóio os homes, recoñezcan o carácter sexista que tamén ten o polo benevolente a pesar do seu tono afectivo positivo.

II. OBXETIVOS

Os estudos encamiñados a cuantificar as actitudes cara a violencia exercida contra as mulleres foron proliferando nos últimos anos pero aínda son moi poucos os estudos focalizados no análise da relación entre os estereotipos de xénero, as actitudes sexistas hostiles e benevolentes e a súa relación cas actitudes e comportamentos violentos. O obxectivo do estudo que aquí se plantexa é examinar como a interiorización dos estereotipos de xénero dentro dunha ideoloxía patriarcal e os dous tipos de sexismo (hostil e benevolente) a nivel relacional e o sexismo moderno a nivel público-laboral, influencian as actitudes cara a violencia de xénero e en última instancia a os comportamentos violentos contra as mulleres. Para elo, recorrese en esta investigación a unha mostra representativa da poboación da comunidade galega con idades comprendidas entre 18 e 65 anos.

A investigación que aquí se propón representa o primeiro intento por establecer unha relación no soio entre actitudes sexistas e actitudes cara a violencia de xénero, senón tamén entre actitudes sexistas e conduta violentas dentro da nosa comunidade avaliando de forma paralela a homes e mulleres.

II.1 Obxectivo xeral

Establecer a relación entre a interiorización de estereotipos de xénero e a expresión de actitudes sexistas cas actitudes e comportamentos violentos dentro das relacións de parella.

II.2. Obxectivos específicos

1. Contrastar a interiorización de Estereotipos de Xénero en función do xénero, idade, lugar de residencia, opción relixiosa, o nivel de estudos, e a situación laboral da persona e a sua parella.

2. Contrastar o nivel de Sexismo Ambivalente (Hostil e Benevolente) en función do xénero, idade, lugar de residencia, opción relixiosa, o nivel de estudos, e a situación laboral da persona e a sua parella.

3. Contrastar o nivel de actitudes tolerantes ca violentas en función do xénero, idade, lugar de residencia, opción relixiosa, o nivel de estudos, e a situación laboral da persona e a sua parella.

4. Contrastar a frecuencia de condutas violentas na relación en función do do xénero, idade, lugar de residencia, opción relixiosa, o nivel de estudos, e a situación laboral da persona e a sua parella.

5. Comprobar as relacións entre actitudes sexistas e os comportamentos violentos na relación de parella.

6. Comprobar as relacións entre actitudes violentas e os comportamentos violentos na relación de parella.

8. Comprobar as relacións entre actitudes sexistas, actitudes violentas, e cas condutas violentas na relación de parella en función das variables de clasificación.

III. PLAN DE TRABAJO

1ª FASE: PREPARACIÓN DAS ESCALAS E SELECCIÓN DA MOSTRA A ESTUDAR

1ª Reunión de traballo:

Discusión do proxecto global e dos instrumentos en particular; incorporación de melloras e a elaboración dos produtos definitivos.

Asistentes: Os/as investigadores/as do proxecto

2ª Reunión de traballo:

Deseño do proxecto e do traballo de campo, presentación do proxecto global e do cuestionario a os equipos de entrevistadores/as seleccionados. Asistentes: Os investigadores do proxecto, unha auxiliar de apoio que se encargue de manter o contacto permanente cos e cas entrevistadores/as.

Formación do equipo de entrevistadores en o uso e manexo dos instrumentos de recollida de información.

2ª FASE: RECOLLIDA DE DATOS.

3ª Reunión de traballo:

-Coordinación e supervisión do traballo de Campo: O equipo investigador co apoio de unha auxiliar levará a cabo as seguintes tarefas a o largo do desenrolo do traballo de campo: control de calidade do proceso de enquisa; recepción e xestión das demandas dos e das entrevistados/as; e xestión global do traballo de campo.

Asistentes: As investigadoras do PROXECTO e a auxiliar de apoio

-Os e as encuestadores levarán a cabo o traballo de campo para a recollida de información mediante enquisa telefónica. A recollida de información realizaríase mediante a enquisa telefónica e se grabarán os datos nun programa estadístico para os análisis pertinentes.

3ª FASE: ANÁLISES ESTADÍSTICAS. INTERPRETACIÓN DOS DATOS E ELABORACIÓN DE CONCLUSIÓN

4ª Reunión de traballo

Análises dos resultados globales obtidos mediante os cuestionarios.

Asistentes: O equipo de investigación.

5ª Reunión de traballo

Nesta fase tratase de interpretar os resultados estadísticos obtidos e de establecer en base a eles unhas conclusións. Elaboración de propostas concretas para posibles intervencións e publicacións derivadas da investigación.

Asistentes: o equipo de investigación.

Elaboración de un informe final

O equipo elaborará un informe final que sintetice as conclusións da investigación levada a cabo e que presente propostas concretas de intervención para poboación obxecto de estudo, sendo deseñadas por o equipo de investigadores/as e derivadas dos resultados do estudo.

Difusión de los resultados:

- Elaboración de artigos, publicacións e presentacións a congresos.

Medios materiales e humanos

Medios materiales e humanos dos que xa se dispón:

Unha sa para investigadores.

Dous ordenadores de sobremesa.

Impresora láser e escáner.

Documentación bibliográfica.

Xestores de búsqueda bibliográfica científica.

Equipo de investigadores con formación na temática.

Medios materiales necesarios:

Material bibliográfico e documental científico (libros, revistas especializadas, material audiovisual).

Ordenador portátil.

III.1. Cronoloxía

1ª Fase: preparación das escalas e selección da mostra a estudar	02.04..2007 – 30.09.2007
2ª Fase: aplicación da enquisa telefónica	
Recollida de datos	01.10.2007 – 30.10.2007
3ª Fase: análises estatísticos; interpretación de datos, elaboración de conclusións e informe final	01.11.2007 – 30.11.2007

Data de inicio do proxecto..... 02.04.2007

Data de fin do proxecto..... 30.11.2007

IV. METODOLOXÍA

As características da investigación que aquí se presenta: obxectivo instrumental (establecer a relación entre as actitudes sexistas e interiorización de estereotipos de xénero coas actitudes e comportamentos violentos), o obxecto poblacional (poboación xeral de 18 a 65 anos) fan necesario un deseño que permita un dobre nivel de análises (descritivo e analítico).

En función dos obxectivos do presente estudo e do marco teórico de referencia, así como dos recursos cos que se conta, se realiza un deseño de investigación cuíñas características se presentan a continuación.

A información articúlase en tres apartados sucesivos que dan conta, por esta orde, do deseño da mostra e do resultado da súa execución, do procedemento operativo para esta última e, para rematar, dalgúns aspectos relacionados coas incidencias mostrais e informativas.

IV.1 Mostra

O deseño da mostra e o resultado da súa execución

Polas propias características deste estudo, o universo é un universo de persoas dentro dun determinado rango de idades; daquela, tratándose dunha enquisa individual, a unidade última foron individuos. Por tanto, considerando

os obxectivos e a delimitación previa do ámbito da investigación, o deseño mostral que se elaborou respondeu ás seguintes características de definición técnica:

- **Universo:** poboación galega de entre 18 e 65 anos de idade.
- **Tamaño da mostra:** 900 individuos para o conxunto da mostra.
- **Erro mostral:** para o suposto de mostraxe aleatoria simple, $p=q=50\%$ e nivel de confianza do 95,5% $-2\sigma-$, o erro sería de $\pm 3,3\%$ para datos globais nunha variable de proporcións.

Estas determinacións iniciais foron o punto de partida para tomar determinadas opcións sobre a estratificación e afixación da mostra, e sobre o método concreto para executala. Aludindo brevemente aquelas primeiras, as opcións de deseño, cabe pois recapitular o seguinte:

- **Afixación:** directa por provincias, para evitar nas menos poboadas un tamaño de submostra que impedise, ao xerar un elevado nivel de erro, calquera observación, nin sequera de tendencia, dentro delas; proporcional, dentro de cada provincia, por tamaño poboacional do hábitat -definido polo concello de residencia das últimas unidades, entendendo que é un bo indicador sintético das circunstancias socio-económicas e socioculturais e, por tanto, unha variable independente eventualmente relevante de cara ao estudo de que se trata- e estrutura por sexo e idade da poboación -entendendo que son, estas outras dúas, variables independentes relevantes por canto están significativamente asociadas aos estilos de vida, o nivel de formación cultural e a percepción da realidade-.

- **Método de mostraxe:** polietápico -tres etapas- por conglomerados, con extracción aleatoria sucesiva de concellos, vivendas -teléfonos- e individuos -con cotas de idade e sexo, de acordo co apuntado, para cada provincia-.

Nestes termos globais, a expensas de detallar operativamente algúns dos trazos consignados, desde o punto de vista metodolóxico esta alternativa enténdese como a idónea, pois considerouse que fornecería un conxunto de submostras satisfactorias, en canto xerar erros aceptables en fraccións para as que fose de eventual interese observar, aínda só en termos de tendencia, comportamentos diferenciais, á par que por agregación, se disporía dunha mostra global dun tamaño máis que notable, requirida só, a efectos de análise, da corrección dos datos por ponderación do peso de cada subestrato provincial de hábitat e do dos continxentes definidos polo sexo e a idade combinados.

Así, a distribución mostral concreta que se elaborou partiu da medición do universo e da súa segmentación nos termos que recollen os dous cadros que se achegan, os nº 1 e 2.

C.1. UNIVERSO DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR ESTRATO DE HÁBITAT. VALORES ABSOLUTOS

ESTRATO DE HÁBITAT	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Menos de 2.000 Hab.	17.245	30.050	71.890	5.844	125.029
De 2.000 a 9.999 Hab.	310.431	148.476	94.403	185.366	738.676
De 10.000 a 19.999 Hab.	129.590	53.576	31.732	176.964	391.862
De 20.000 a 49.999 Hab.	141.555	-	-	94.655	236.210
De 50.000 a 200.000 Hab.	142.543	75.488	88.319	63.525	369.875
Máis de 200.000 Hab.	203.780	-	-	236.538	440.318
Total	945.144	307.590	286.344	762.892	2.301.970

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E.¹ - acceso electrónico á fonte-.

¹- A data de referencia é o 1 de xaneiro dese ano.

C.2. UNIVERSO DA ENQUIZA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, CONTINXENTES DE SEXO, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR GRUPO DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS

GRUPO DE IDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDR A		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
De 18 a 29 anos	97.011	94.340	26.477	26.009	24.694	24.228	86.160	83.662	234.342	228.239
De 30 a 44 anos	125.444	127.772	36.582	36.198	32.429	32.571	105.945	106.550	300.400	303.091
De 45 a 59 anos	107.461	111.565	33.526	31.599	30.535	30.502	85.545	89.413	257.067	263.079
De 60 a 65 anos	119.062	162.489	51.415	65.784	48.249	63.136	85.501	120.116	304.227	411.525
Total	448.978	496.166	148.000	159.590	135.907	150.437	363.151	399.741	1.096.036	1.205.934

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte-.

En todo caso, estes valores absolutos que son referencia para o cálculo do erro na mostra global e nas súas fraccións, foron proxectados en estruturas porcentuais para axustar a distribución do tamaño mostral elixido -lémbrese, n=900- á do universo, tendo en conta aquela dobre convención: un tamaño submostral para cada provincia determinado directa e intencionalmente; a aplicación da proporcionalidade dentro de cada submostra provincial. Ao fío disto debe lembrarse, pois, tamén a opción por, finalmente, para os cálculos globais, ponderar os resultantes en bruto da enquisa. Dito isto, os dous cadros seguintes ofrecen as devanditas estruturas porcentuais do universo, segundo as dúas estratificacións antes ofrecidas.

C.3. UNIVERSO DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR ESTRATO DE HÁBITAT. ESTRUTURAS PORCENTUAIS

ESTRATO DE HÁBITAT	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Menos de 2.000 Hab.	1,8	9,8	25,1	0,8	5,4
De 2.000 a 9.999 Hab.	32,8	48,3	33,0	24,3	32,1
De 10.000 a 19.999 Hab.	13,7	17,4	11,1	23,2	17,0
De 20.000 a 49.999 Hab.	15,0	0,0	0,0	12,4	10,3
De 50.000 a 200.000 Hab.	15,1	24,5	30,8	8,3	16,1
Máis de 200.000 Hab.	21,6	0,0	0,0	31,0	19,1
Total	100	100	100	100	100
N	945.144	307.590	286.344	762.892	2.301.970

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte-.

C.4. UNIVERSO DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, CONTINXENTES DE SEXO, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR GRUPO DE IDADE. ESTRUTURAS PORCENTUAIS

GRUPO DE IDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
De 18 a 29 anos	10,2	10,0	8,5	8,5	8,6	8,5	11,3	11,0	10,2	9,9
De 30 a 44 anos	13,3	13,5	11,9	11,8	11,3	11,4	13,9	14,0	13,0	13,2
De 45 a 59 anos	11,4	11,8	10,9	10,3	10,7	10,6	11,2	11,7	11,2	11,4
De 60 a 65 anos	12,6	17,2	16,7	21,4	16,9	22,0	11,2	15,7	13,2	17,9
Total	47,5	52,5	48,0	52,0	47,5	52,5	47,6	52,4	47,6	52,4
N	448.978	496.166	148.000	159.590	135.907	150.437	363.151	399.741	1.096.036	1.205.934

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte-.

Pois ben, lembrando aqueles criterios convencionais, ofrécense agora noutro par de cadros as estratificacións correspondentes da mostra teórica, debendo insistirse en que, xustamente por causa daqueles, a proporcionalidade non está aplicada nas columnas correspondentes á mostra total, senón que esta ten unha distribución que resulta da das submostras de cada provincia.

C.5. MOSTRA TEÓRICA DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR ESTRATO DE HÁBITAT. VALORES ABSOLUTOS -PROPORCIONAIS DENTRO DE CADA PROVINCIA SOBRE UN TAMAÑO CONVENCIONAL PREFIXADO-

ESTRATO DE HÁBITAT	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Menos de 2.000 Hab.	5	15	38	2	60
De 2.000 a 9.999 Hab.	99	72	49	73	293
De 10.000 a 19.999 Hab.	41	26	17	70	154
De 20.000 a 49.999 Hab.	45	-	-	37	82
De 50.000 a 200.000 Hab.	45	37	46	25	153
Máis de 200.000 Hab.	65	-	-	93	158
Total	300	150	150	300	900
N	945.144	307.590	286.344	762.892	2.301.970

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte-.

C.6. MOSTRA TEÓRICA DA ENQUISTA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, CONTINXENTES DE SEXO, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR GRUPO DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS -PROPORCIONAIS DENTRO DE CADA PROVINCIA SOBRE UN TAMAÑO CONVENCIONAL PREFIXADO-

GRUPO DE IDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
De 18 a 29 anos	31	30	13	13	13	13	34	33	91	99
De 30 a 44 anos	40	40	18	18	17	17	42	42	117	117
De 45 a 59 anos	34	35	16	15	16	16	34	35	100	101
De 60 a 65 anos	38	52	25	32	25	33	34	46	112	163
Total	143	157	72	78	71	79	144	156	420	480
N	448.978	496.166	148.000	159.590	135.907	150.437	363.151	399.741	1.096.036	1.205.934

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte-.

Conque, con estes tamaños mostrais, mantendo para cada estrato a máxima variabilidade hipotética - $p=q=50\%$ -, e o mesmo nivel de confianza que para os datos globais, resultarían os seguintes erros estatísticos máximos nunha variable de proporcións, tendo en conta o carácter infinito do universo e das súas correspondentes fraccións:

- Para a submostra da Coruña: $e=\pm 5,8\%$.
- Para a submostra de Lugo: $e=\pm 8,2\%$.
- Para a submostra de Ourense: $e=\pm 8,2\%$.
- Para a submostra de Pontevedra: $e=\pm 8,2\%$.
- Para a submostra de homes: $e=\pm 4,9\%$.
- Para a submostra de mulleres: $e=\pm 4,6\%$.
- Para a submostra de 18 a 29 anos: $e=\pm 7,3\%$.
- Para a submostra de 30 a 44 anos: $e=\pm 6,5\%$.
- Para a submostra de 45 a 59 anos: $e=\pm 7,1\%$.
- Para a submostra de 60 a 65 anos: $e=\pm 6\%$.

- Para a submostra de concellos de menos de 2.000 hab.: $e=\pm 12,9\%$.
- Para a submostra de concellos de 2.000 a 9.999 hab.: $e=\pm 5,8\%$.
- Para a submostra de concellos de 10.000 a 19.999 hab.: $e=\pm 8,1\%$.
- Para a submostra de concellos de 20.000 a 49.999 hab.: $e=\pm 11\%$.
- Para a submostra de concellos de 50.000 a 200.000 hab.: $e=\pm 8,1\%$.
- Para a submostra de concellos de máis de 200.000 hab.: $e=\pm 8,0\%$.

Como se ve, uns niveis de erro estatístico xeneralizadamente por baixo do 10%, debendo insistirse en que se procurou deliberadamente unha estratificación que permitise eventualmente observar xenericamente apuntamentos e tendencias de modulación.

En todo caso, o deseño teórico exposto, en razón do procedemento operacional aplicado, e que agora se vai debullar polo miúdo, viuse concretado, unha vez rematados os traballos, nunha mostra real; mostra que presenta pequenas desviacións ao respecto de tal deseño². Precisamente a consideración en detalle dese procedemento operativo vai permitir comprender perfectamente a causa das desviacións, doutro lado cunha magnitude na súa expresión que ilustra unha execución altamente satisfactoria da operación, como probaría o ofrecemento do cadro nº 7, renunciándose en aras da brevidade a ofrecer esa mesma distribución en razón do sexo e a idade.

².- Observarase, por exemplo, como o tamaño total da mostra real é $n=902$.

C.7. MOSTRA REAL DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR ESTRATO DE HÁBITAT. VALORES ABSOLUTOS -PROPORCIONAIS DENTRO DE CADA PROVINCIA SOBRE UN TAMAÑO CONVENCIONAL PREFIXADO-

ESTRATO DE HÁBITAT	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Menos de 2.000 Hab.	5	14	38	2	59
De 2.000 a 9.999 Hab.	98	72	50	73	293
De 10.000 a 19.999 Hab.	42	29	16	70	157
De 20.000 a 49.999 Hab.	45	0	0	38	83
De 50.000 a 200.000 Hab.	41	37	47	25	150
Máis de 200.000 Hab.	65	0	0	95	160
Total	296	152	151	303	902
N	945.144	307.590	286.344	762.892	2.301.970

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte- e do traballo de recollida de información para a enquisa, novembro de 2007.

Finalmente, si debe ofrecerse desdobra polo seu valor referencial a distribución virtual da mostra unha vez aplicadas as ponderacións³, debendo lembrarse agora que a proporcionalidade distributiva, como froito precisamente delas, se dá para a mostra total e non para as submostras provinciais.

³.- O coeficiente de ponderación w expresa a relación matemática entre a proporción que, de feito, supón un estrato da mostra real sobre o total desta, e a proporción ideal que debería supor nunha mostra afixada proporcionalmente. Así, aplícase como un multiplicador aos datos de cada estrato, para equilibrar os datos globais, deste modo: sendo " p_n " unha frecuencia na mostra real, " p_N " tal frecuencia nunha hipotética mostra teórica proporcional, e " w " o coeficiente de ponderación, entón $p_n \times w = p_N$.

C.8. MOSTRA PONDERADA DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR ESTRATO DE HÁBITAT. VALORES ABSOLUTOS -PROPORCIONAIS DENTRO DE CADA PROVINCIA SOBRE UN TAMAÑO CONVENCIONAL PREFIXADO-

ESTRATO DE HÁBITAT	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Menos de 2.000 Hab.	7	12	28	2	49
De 2.000 a 9.999 Hab.	122	58	37	73	290
De 10.000 a 19.999 Hab.	51	21	12	69	153
De 20.000 a 49.999 Hab.	55	-	-	37	92
De 50.000 a 200.000 Hab.	56	30	35	25	146
Máis de 200.000 Hab.	80	-	-	93	173
Total	371	121	112	299	903
N	945.144	307.590	286.344	762.892	2.301.970

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte- e do traballo de recollida de información para a enquisa, novembro de 2007.

C.9. MOSTRA PONDERADA DA ENQUISA: POBOACIÓN GALEGA DE 18 A 65 ANOS, CONTINXENTES DE SEXO, SEGUNDO PROVINCIA E EN TOTAL, POR GRUPO DE IDADE. VALORES ABSOLUTOS -PROPORCIONAIS DENTRO DE CADA PROVINCIA SOBRE UN TAMAÑO CONVENCIONAL PREFIXADO-

ESTRATO DE IDADE	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		TOTAL	
	H	M	H	M	H	M	H	M	H	M
De 18 a 29 anos	38	37	10	10	10	9	34	33	92	90
De 30 a 44 anos	49	50	14	14	13	13	42	42	118	119
De 45 a 59 anos	42	44	13	12	12	12	33	35	101	103
De 60 a 65 anos	46	63	20	26	19	25	33	47	119	161
Total	175	194	57	62	54	59	142	157	430	473
N	448.978	496.166	148.000	159.590	135.907	150.437	363.151	399.741	1.096.036	1.205.934

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Padrón Municipal de Habitantes de 2006 do I.N.E.-I.G.E. - acceso electrónico á fonte- e do traballo de recollida de información para a enquisa, novembro de 2007.

Definido pois o deseño mostral na súa lóxica e resultado final, e adiando para un último apartado o cómputo das incidencias, ofrécese nas próximas páxinas unha descrición do procedemento operativo e os criterios deste que serven para completar a descrición da mostraxe en canto á súa execución .

O procedemento operativo e a execución mostral

Xeneralidades

Partindo das referencias anteriores este apartado vaise demorar na explicación do procedemento operativo aplicado, incluíndo dentro del, ao fío da súa exposición lineal, as referencias concretas que teñen que ver coa

execución mostral. A este respecto debe entenderse que, malia ese carácter lineal e descritivo, tal procedemento responde a un deseño coidadosamente preestablecido, acorde ás practicas xeneralizadamente aplicadas e recoñecidas como idóneas no ámbito técnico científico ao respecto das enquisas telefónicas.

Entón, comezando por recapitular nunha enumeración ordenada as operacións de execución mostral, para operativizar pois o deseño exposto páxinas atrás, deben sinalarse as seguintes:

- Imputación a cada submostra provincial dunhas cotas, independentes entre si definidas por estrato poboacional de hábitat, e sexo e idade combinadamente; unhas cotas, lémbrese, de carácter proporcional, reproducindo a distribución interna da poboación de cada provincia.

- Determinación convencional dunha/s ratio/s de entrevistas por concello, a fin de determinar o número destes a considerar como puntos mostrais en cada estrato de tamaño poboacional.

- Execución da primeira etapa da selección mostral: concellos, por procedemento aleatorio, en número preciso para cubrir a submostra en cada estrato poboacional.

- En razón do carácter telefónico da enquisa, a segunda etapa da execución mostral esixiu a previa acumulación nun rexistro de todos os teléfonos correspondentes aos concellos seleccionados, determinando así un universo operacional de teléfonos⁴, eliminando aqueles que tiñan como titulares entidades non familiares -empresas, institucións, etc.-. A partir dese rexistro, procedeuse a:

- * Cargar no sistema dunha mostra operacional de teléfonos, a partir da selección aleatoria dos contidos no universo operacional, a razón de tres teléfonos por cada unidade mostral requirida.

⁴.- A empresa encargada de facer a enquisa posúe a guía telefónica de España, totalmente actualizada, en soporte informático, cos requirimentos técnicos que fan posible a súa xestión mediante o programa a empregar que se aludirá.

- * Unha selección aleatoria, automatizada polo programa informático, de teléfonos a contactar mediante chamada, con reposición por ausencia da persoa a entrevistar ata a fin dos traballos, improcedencia ou negativa⁵.

A partir deste último punto, nel mesmo, a execución mostral xa non foi produto dun procedemento diferenciado efectuado con carácter previo, senón un elemento dinámico asociado ao feito mesmo da recollida de información, particularmente ao paso previo desta que constitúe a selección inmediata de informantes e a súa abordaxe.

- Así, a execución da terceira e última etapa da selección mostral: individuos, efectuouse telefonicamente, por parte do programa, igualmente de xeito automatizado e aleatorio, a partir do contacto establecido polo/a Entrevistador, con reposición por ausencia, improcedencia ou negativa, e axuste final a cotas, de acordo co que se sinalará máis adiante.

Complementando o dito, quere agora perfilarse o significado concreto, no plano funcional e mesmo de consecuencias sobre a mostra real, dalgúns dos procedementos e opcións que veñen de se referir:

- As reposicións de vivendas e unidades informantes que se aludiron contempláronse só, no caso das ausencias, ata cinco intentos de abordaxe. Obviamente, no caso das improcedencias -non cumprimento do atributo mostrál⁶- ou negativas, a reposición foi automática. Con todo, na selección de individuos, non se fixo nun mesmo domicilio máis dunha reposición por negativa en previsión de pronunciar o sesgo por contraste. A este respecto resulta fundamental, e así se fixo, establecer como criterio a realización dunha única entrevista por grupo familiar.

⁵.- *Aquela configuración dunha mostra operacional constitúe a penas un paso intermedio, tendente a permitir as reposicións; así, en sentido estrito, a execución da selección de vivendas efectúase mediante esta chamada de contacto.*

⁶.- *No caso das vivendas, a súa condición de tales con carácter de primeira residencia; no caso dos individuos, a súa condición de residentes nas mesmas con carácter de poboación censal.*

- Sendo evidente que as reposicións por ausencia e negativa introducen un sesgo, para estas e as outras incidencias de selección de vivendas e individuos levouse a cabo o seu rexistro sistemático, mediante unha anotación directa e informatizada, a fin de poder valorar logo a súa incidencia.

- De cara ao cómputo de incidencias, aínda que logo se insistirá nese sentido, debe terse en conta que se estableceu, asociadamente a un criterio antes mencionado, unha dinámica de fixación de citas que considerou ata cinco posibles aprazamentos, nun reconto independente do devandito, que se refería aos intentos de abordaxe en si -outros cinco-.

- Debe terse presente que o axuste a cotas de sexo e idade -que afectou progresivamente ás entrevistas executadas en cada estrato de tamaño poboacional-, non condiciona a coherencia do proceso en canto a aleatoriedade, xa que, na práctica, equivale a unha selección aleatoria con reposición por non cumprimento do atributo mostral en sentido estrito. Debe terse tamén en conta que as desviacións da mostra real mais teñen que ver con este axuste que co verificado para aqueles estratos de tamaño poboacional, pois neste último caso viña xa determinado, de acordo ao que xa se explicou, pola estrutura mesma da mostra operacional de teléfonos.

Cando en páxinas vindeiras se reflectan elementos de orde tecnolóxica vinculados ao procedemento operativo, haberá ocasión de referir nesa perspectiva as prestacións do programa empregado para a execución efectiva destes criterios que veñen de exporse como incorporados automaticamente á xestión mostral por parte do sistema informático.

Tendo en conta pois todas as referencias anteriores, nunha enumeración cronolóxica, podería dicirse pois que, antes de iniciarse a recollida da información en si xa se tiñan desenvolto os seguintes labores:

- Tarefas de execución mostral previas ao traballo en si de recollida de información, nos termos que se aludiron.

- Carga da mostra operacional de teléfonos nun programa Bellview C.A.T.I. -siglas en inglés de Encuesta Telefónica Asistida por Ordenador-.

- Programación do cuestionario, para a súa administración mediante o devandito programa, incluíndo os filtros de validación oportunos, nomeadamente como filtros de entrada.

- Programación dun rexistro de incidencias mostrais no mesmo.

Nesa altura dos traballos, por parte de persoal técnico da empresa na que se delegou o traballo de recollida de información, preparáronse e impartíronse unhas sesións de formación específica para os membros da súa liña de gabinete, formada por Entrevistadores/as do cadro de persoal; profesionais pois especializados para a realización das tarefas que executaron.

Por iso, o enfoque dado aos labores de formación partiu, como premisas, dunha modulación de amplitude e intensidade segundo experiencia e papel funcional no equipo humano por parte dos distintos integrantes do mesmo -hai que engadir aos/ás Entrevistadores/as, dúas Supervisoras en Sala e un Técnico Informático-; así como do predominio dunha alta familiaridade con procedementos de tipo análogo pola totalidade deles/as.

Dito isto, a formación estruturouse en catro grandes bloques:

- Conceptual-terminolóxico, en canto a familiarizar aos/ás destinatarios/as co marco de referencias e intencións da indagación, para facelos partícipes da súa lóxica, finalidade última, e interese -para a sociedade-

- Operativo respecto da selección mostral; en canto a dotalos/as dos coñecementos e habelencias para executar, na parte que lles cumpriu, a selección mostral e a xestión de incidencias, reflectindo correctamente os resultados nese nivel nos soportes informáticos correspondentes.

- Operativo respecto da aplicación do cuestionario aos/ás informantes concretos/as; en canto a capacitar aos/ás Entrevistadores/as para un uso plenamente correcto e áxil dese instrumento, sinalando con claridade os criterios esixibles ao respecto.

- Deontolóxico-comunicacional, en canto a expoñer nidiamente un conxunto de prácticas e actitudes básicas esixibles en razón: de minimizar incidencias que podían afectar a validez ou eficacia última do traballo; do seu carácter académico institucional, da garantía de confidencialidade á que por lei, estiveron obrigados.

En canto á dinámica da formación, desenvolveuse nunha sesión intensiva de 5 hs. de duración total, incluíndo dous descansos. Esta sesión empregou como estratexias alternas as seguintes:

- Exposicións orais con apoio gráfico e documental.
- Intervencións libres de interpelación para clarificar dúbidas.
- Ensaio concretos, segundo a técnica do “xogo de roles”, e estudos de casos.

A partir dese punto desenvolveuse a primeira das dúas fases determinantes en orde aos resultados definitivos do traballo: a destinada á obtención, gravación e validación da información. A efectos de detallar os procedementos operativos, farase agora referencia, en dous subapartados específicos, ás operacións para obter e validar á partida a información e ás destinadas a darlle un tratamento básico a nivel informático para a súa validación de consolidación.

Dentro, por tanto, deste marco é onde se sitúan os dispositivos e procedementos particulares que agora se detallan.

O desenvolvemento secuencial da recollida, rexistro e tratamento básico da información

Para expresar coa máxima axilidade as características do procedemento de enquisa telefónica, segundo o ata aquí descrito, debe terse presente que, pola ferramenta informática empregada, só foi preciso programar a mostra e o cuestionario naquel sistema informático “ad hoc” que se aludiu, podendo prescindirse así de calquera soporte documental, rutina de validación, ou xeración dunha estrutura profesional dedicada ao control da calidade ulterior. En última instancia, o motivo de todo isto é simple: unha enquisa telefónica, tal como se levou a cabo, implica que o conxunto de Entrevistadores/as traballa simultaneamente desde o mesmo locutorio, sometido a unha inspección presencial continua, e desenvolvendo a última fase da execución mostral, xuntamente co acto mesmo da cobertura das entrevistas e co seu rexistro nun programa informático que inclúe todos os filtros posibles de validación - exceptuando os correspondentes á que se chamará “validación de consolidación”-, cargados previamente no sistema.

Por tanto, desenvolvéndose en dúas quendas de 6 horas: de 10 a 14 hrs. e de 14 a 22 hrs., desde o centro de chamadas da empresa que levoa a cabo o traballo de campo, mediante o labor dos/as Entrevistadores/as e Supervisoras, levouse a termo, ao fío da execución mostral de vivendas e individuos, e do rexistro de incidencias nela, o proceso de recollida de información da enquisa e de gravación dos datos resultantes. O programa Belview C.A.T.I., en razón das características que se lle veñen apoñendo e imputarán, permite efectivamente simultanear todas estas tarefas, de xeito que só é preciso instrumentar, con posterioridade á enquisa mesma, aquela validación informática de consolidación.

Profundando na dinámica de desenvolvemento efectivo da xestión das entrevistas para a enquisa e completando, ao fío da referencia a ela, a descrición efectiva de como se aplicaron os criterios xenéricos aludidos con anterioridade, dirase o seguinte:

- A abordaxe verificouse partindo da mostra operacional de teléfonos elaborada -téñase en conta que a empresa posúe, como xa se sinalou, un rexistro informático actualizado, notablemente depurado, en canto a exclusión de teléfonos non particulares, da guía telefónica de España-, desenvolvéndose un dobre proceso: localización e contacto co domicilio, localización e contacto coa última unidade -entrevistado/a-, cunha dinámica de ata cinco intentos -en días e horas distintas- en cada unha desas fases, e rexistro das incidencias acaecidas, para xustificar as eventuais reposicións e permitir valorar “a posteriori” a representatividade mostral acadada.

- Os/as Entrevistadores/as actuaron, como xa se comentou, baixo a supervisión presencial continua dunha Supervisora en Sala, sendo dúas: unha en cada quenda, dotada cos medios técnicos para intervir o proceso de comunicación e rexistro da enquisa. Recorreuse a 30 Entrevistadores/as, en razón do tamaño mostral final, actuando distribuídos naquelas dúas quendas, para cubrir, en razón do antes comentado, un horario útil de 12 horas diarias; un cálculo que está en estreita relación coa estimación do calendario global da operación.

- O programa empregado, que se vén mencionando reiteradamente, integra nunha mesma operación, como se deduce do ata aquí exposto: a xestión mostral e da chamada, o rexistro de incidencias, a administración do cuestionario e a gravación de datos, automatizando a xestión de citas e rechamadas e o reconto estatístico dos rendementos e incidencias. A súa principal vantaxe funcional é a garantía de calidade que supón, ao eliminar a diferenza entre o rexistro manual e magnético dos datos, así como a validación manual e informática de datos e a verificación destes; uns controles de calidade, a excepción do último que é aínda prescindible -por máis que se executou como unha garantía adicional-, que o programa tamén automatiza mediante a incorporación de filtros de entrada, como xa foi dito. Non obstante pode ser pertinente nesta altura da exposición referir algúns extremos do funcionamento dinámico do programa, para mellor entender as referencias antecedentes ás súas prestacións en canto á xestión mostral:

- * Cando se tivo que substituír un teléfono “titular” -o primeiro chamado a fin de efectuar unha entrevista, fose por negativa⁷, fose por terse esgotado sen froito os intentos previstos de establecer comunicación co fogar, extraíase aleatoriamente un “primeiro suplente” do conxunto de teléfonos restantes do concello. Se este “primeiro suplente” tiña que ser substituído á súa vez, para o que debían darse as mesmas condicións que no caso dos titulares: negativa, improcedencia ou cinco intentos falidos, érao do mesmo modo, extraendo aleatoriamente do conxunto de teléfonos restantes do seu concello; e así sucesivamente, ata realizarse a entrevista.
- * Cando un teléfono non respondía o seu número pasaba a programarse para nova marcación durante a primeira hora do bloque horario seguinte⁸ -a xornada de entrevista estruturábase convencionalmente en bloques de dúas horas cada un a efectos da iteración dos procesos de xestión da mostra operacional de teléfonos-. O traslado de bloque realizábase automaticamente catro veces -marcación en cinco bloques horarios sucesivos-; se ao quinto intento non se conseguía comunicar, o teléfono era inmediatamente substituído por un primeiro suplente.
- * Todos os teléfonos extraídos para a mostra operacional cos que se establecía comunicación -entrevistas realizadas ou negativas- quedaban excluídos desa mostra operacional. Pola contra, os teléfonos extraídos cos que non se chegaba a comunicar -que eran substituídos despois de cinco intentos-, permanecían na mostra operacional, podendo volver resultar seleccionados ulteriormente noutras extraccións aleatorias.
- * Unha vez establecida a comunicación co teléfono seleccionado, comprobábase en primeiro lugar se ese teléfono correspondía a un fogar, e non a unha empresa ou institución -para alén de que xa se tiña

7.- Computáronse dous tipos de negativa, a “negativa do fogar”, na que a persoa que atende o teléfono se nega a que se realice a entrevista e non facilita os datos necesarios para a selección; a “negativa de individuo”, na que o individuo que resulta seleccionado para a entrevista se nega a colaborar. O tratamento das dúas foi idéntico: a reposición do fogar descartando o teléfono e chamando a un suplente.

8.- Os bloques horarios, de luns a venres non festivos foron: de 10 hrs. a 14 hrs., de 14 hrs. a 16 hrs., de 16 hrs. a 20 hrs. e de 20 hrs. a 22 hrs.

filtrado previamente, como se dixo, a mostra operacional nese sentido; se non era así, abortábase a entrevista, anulando a selección e pasando a seleccionar un teléfono “suplente”. Se o teléfono correspondía efectivamente a un fogar, procedíase a seleccionar ao individuo a entrevistar.

- * Cando un teléfono estaba comunicando, o sistema presentaba de novo o número uns minutos despois.
- * Cando o/a Entrevistador/a completaba unha entrevista válida, o programa contabilizábaa a efectos de cotas. Por iso, unha vez esgotadas as entrevistas para o estrato determinado, os individuos coas características do devandito estrato deixaban de ser seleccionables. A selección aleatoria continúa realizándose, pero excluindo a eses individuos, de acordo con indicacións xa formuladas anteriormente.
- * Unha vez feita a selección da persoa a entrevistar, antes de iniciar a entrevista propiamente ou de concertar cita para facelo, o/a Entrevistador/a anotaba as características de sexo e idade do individuo seleccionado. O programa comprobaba que a cota correspondente a esas características non estivese esgotada; se o estaba, indicábao ao/á Entrevistador/a para que seleccionase outro membro do fogar.

Non obstante toda a suma de elementos de control aludida, rematada a recollida e gravación da información, practicouse como proceso independente a antes mencionada validación informática de consolidación do conxunto da base resultante, así como a súa transformación no formato de entrega requirido, operacións ás que se fai unha referencia máis detallada nas próximas páxinas.

Os filtros de validación

Segundo o explicado a aplicación informática de rexistro incluíu, como filtros de entrada automatizados, unha serie de condicións de validación. Estas, operativizadas a partir de criterios concretos tirados do cuestionario, en canto á

súa dinámica esixible de cobertura, reiteráronse tamén, con algunhas lóxicas diferenzas en canto a incorporación ou supresión dalgúns filtros en particular, nun momento subseguinte do procedemento: como aquela validación final de consolidación do conxunto da base de datos. Por iso convén facer unha descrición xenérica das validacións que se aplicaron nos distintos momentos do desenvolvemento dos traballos obxecto deste documento:

- Conceptualmente, as validacións son un conxunto de relacións lóxicas e/ou aritméticas que, implementadas a nivel informático, permiten garantir un homoxéneo e alto nivel na calidade dos datos finais, pois conseguen:

- * Un control continuado da gravación, que permite detectar e corrixir rapidamente sesgos ou erros de interpretación das normas de cobertura no nivel de cada individuo.
- * Detectar erros materiais de gravación.
- * Detectar dúbidas en contestacións que precisan contrastar a súa veracidade á vista do cuestionario en conxunto.

En xeral, as validacións son de dous tipos:

- * **De acción obrigatoria**, que esixen necesariamente a corrección dalgún dato gravado perante unha inconsistencia estrutural.
- * **De acción opcional**, nas que a corrección ou non dos datos gravados dependerá da consideración en conxunto dos datos de cada cuestionario.

Distínguense tres niveis de validacións aos que foron sometidos todos os rexistros:

- * **Validacións de Rango:** nelas recolléronse os controles de valores e rangos do cuestionario.

Nas preguntas, todas elas estritamente pechadas cuns valores predeterminados, controlouse que os códigos introducidos se encontrasen dentro do rango de valores permitidos. Procedeuse igualmente se se detectaba a ausencia de información nos campos que se definían como de resposta obrigatoria.

Simultaneamente á validación de rango, e nese mesmo proceso para cada rexistro, procedíase a realizar a validación cruzada que axiña se aludirá. Trátase igualmente dunha validación independente para cada rexistro, se ben nela xa se atendía a estudar a interrelación entre distintas preguntas do cuestionario.

- * **Validacións de Fluxo:** atendían estas a verificar a consistencia interna da información entre distintas variables do cuestionario afectadas por particularidades ou filtros específicos para tales preguntas. En definitiva, tratábase de detectar todos aqueles posibles erros que, ou ben se producían nun momento inicial por carencias de programación, ou ben durante o tratamento ulterior á gravación puideron producirse por un desprazamento da información.
- * **Validacións Cruzadas:** analizaban a información contida en dous ou máis campos e que debía gardar unha coherencia interna entre eles. A diferenza entre os controles de fluxo da información e os de consistencia interna reside en que, nos primeiros, se controla todo o grafo do cuestionario e se analiza a información non permitida polo propio filtro del, mentres que, no segundo caso, este, se analizan as interrelacións lóxicas entre dous ou máis datos dun mesmo individuo.

Entón en perspectiva dinámica, a secuencia de tratamento informático dos datos foi a seguinte:

- Ao fío da execución mostral e da realización de entrevistas, efectuouse a gravación dos datos condicionada ao cumprimento dos filtros de validación automatizados como condicións da entrada de datos.

- Os ficheiros gravados pasaron entón ao nivel de validación de consolidación dos datos, agora desenvolto persoalmente polo Técnico Informático. Neste nivel foron sometidos a programas de consistencia, reiterando e suplementando aqueles filtros, en termos dos criterios xa descritos, corrixindo eventualmente os rexistros, en caso de que procedese realizar tal corrección.

- Así, nesta fase do traballo dispúxose dos ficheiros gravados e completamente depurados. Con todo, antes de proceder á xeración do ficheiro final, realizouse un proceso de control final da información, para, logo, xerar o soporte magnético de entrega e as explotacións correspondentes. De cara a aquel control final os procesos que se realizou supuxo:


- * Verificar todos os campos, controlando que só existisen os caracteres e rangos permitidos en cada un deles.
- * Verificar todos os campos, controlando que só existan os valores permitidos en cada un deles.

- Estaba previsto, mais non foi preciso proceder nese sentido, que, se nese control final se orixinaban dúbidas razoables sobre a calidade final da información, o número final de rexistros non coincidía ou había calquera outro tipo de incidencia, como tales eventualidades afectarían só a unha parte identificable dos rexistros, se reiteraría para ela o proceso de validación e as subsanacións correspondentes. Por tanto, nese punto, superados todos os controles de calidade e dado por bo o resultado, xerouse o soporte magnético de entrega, realizándose a reconversión do formato de gravación, co que se rexistrou a información, ao formato definitivo SPSS versión 15.0:

- Previamente realizouse a copia de seguridade, tanto dos datos orixinais como dos eventualmente depurados. Esta medida garante poder recuperar en calquera momento información da que cumpra volver xerar o ficheiro de saída.

Así, ao fío desta alusión ao procedemento informático, como corolario do procedemento xeral de obtención e tratamento básico da información, ofrécese como ilustración e complemento un fluxograma que sintetiza o proceso integral que seguiu aquela.

D.1. FLUXOGRAMA XENÉRICO RESUMIDO DAS PRINCIPAIS OPERACIÓNS DE RECOLLIDA E TRATAMENTO BÁSICO DE INFORMACIÓN NA ENQUISA TELEFÓNICA.



Tamén como corolario, e nunha perspectiva que remite singularmente ás ferramentas tecnolóxicas empregadas, poden recapitularse os seguintes elementos que, máis alá pois dos criterios de deseño e execución mostral, constitúen garantías da calidade dos traballos. Son estes:

- Emprego dunha ferramenta informática de xestión mostral, informativa, e de rexistro de datos que supón o uso dun medio que está na vangarda tecnolóxica actual.

- Disposición de ferramentas auxiliares -rexistros telefónicos preexistentes, etc.- que garanten un absoluto rigor e fiabilidade, en canto exhaustividade e aleatoriedade, dos procesos de mostraxe.

- Control presencial de supervisión continuo das tarefas de execución mostral nas dúas últimas fases, de celebración de entrevistas e de rexistro dos seus datos, con intervención da comunicación e de tal rexistro de xeito simultáneo aos mesmos.

- Incorporación dunha validación condicional de entrada de datos ao propio rexistro dos mesmos.

- Desenvolvemento dun proceso de control de calidade en dous pasos sucesivos con reiteración parcial de filtros:

- * Aquela validación condicional de entrada.

- * Unha validación de consolidación.

- Suplemento daquel duplo dispositivo mediante unha comprobación final de datos.

Exposto con todo detalle o procedemento que se aplicou, quedan só por mencionar, e tal é o obxecto do vindeiro e último apartado, algúns cómputos que dan conta do esforzo realizado e do rendemento da mostra operacional de teléfonos, ilustrando as principais incidencias e comentando, ao fío diso, algúns

elementos relacionados co funcionamento do cuestionario e a relación que se establecía coas persoas entrevistadas.

As incidencias mostrais e o rendemento informativo do cuestionario

Para finalizar a parte metodolóxica que fai alusión a recollida de datos cómpre facer referencia ás incidencias mostrais e informativas, en canto estas aluden o rendemento do cuestionario.

Tomando como base a detallada explicación contida en apartados anteriores e atendendo á primeira desas dimensións, debe referirse o comportamento da mostra operacional de teléfonos, pois vai dar a pauta da frecuencia das incidencias de carácter mostral. Como ben se ve no cadro nº 10, practicamente un terzo da mostra operacional, de acordo co previsto, constituíu a mostra real, en tanto un 52,7% de números de teléfono acumularon as incidencias e un 13,9% non chegou a utilizarse.

C.10. MOSTRA OPERACIONAL TELEFÓNICA DA ENQUIZA POR UTILIZACIÓN E RESULTADO; DESGLOSE DOS CONTACTOS NON EFECTIVOS POR INCIDENCIA. VALORES ABSOLUTOS E ESTRUCTURA PORCENTUAL.

UTILIZACIÓN E RESULTADO	N	%
EFFECTIVO -ENTREVISTA REALIZADA-	902	33,4
NON EFFECTIVO -INCIDENCIA-:	1.798	52,7
Aprazamentos pendentes	30	1,1
Comunica	4	0,1
Non contesta	10	0,4
Fóra de cota -inclúe improcedencias de individuo-	1.259	46,6
Negativa do fogar	62	2,4
Negativa da persoa de interese	11	0,4
Contestador automático	21	0,8
Fax	12	0,4
Empresa	5	0,2
Improcedencias de fogar	8	0,3
NON UTILIZADO	376	13,9
TOTAL	2.700	100

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do traballo de recollida de información para a enquisa, novembro de 2007.

Centrándose no detalle daquel 52,7%, só reviste importancia, pero esta é en boa medida unicamente aparente, o volume de teléfonos que xeraron situacións de fóra de cota e que, dada a dinámica explicada, inclúen improcedencias de individuos por saturación de cotas e teléfonos que, en intentos de contacto posteriores ao primeiro, se viron excluídos por terse xa saturado o estrato poboacional ao que correspondían. Ademais disto é de subliñar a practica irrelevancia das negativas, ao punto que, calculando mesmo a súa repercusión sobre a mostra de individuos, a súa incidencia é notablemente menor que a que adoita darse en enquisas de carácter social, aínda cunha temática menos sensible que esta, e que comunmente en Galicia,

de acordo coa experiencia da empresa que levou a cabo o traballo de campo, flutúa entre o 13% e o 17%.

Xa que logo, o resultado do traballo é altamente satisfactorio na perspectiva das incidencias mostrais. Tamén podería dicirse o mesmo desde o punto de vista do rendemento informativo observado no proceso de cumprimentación do cuestionario.

Este extremo ben pode verificarse observando nas frecuencias o grao de incidencia das non contestacións, na medida que este é xeneralizadamente, salvante nalgún caso concreto, moi reducido. De calquera xeito debe terse presente que a opción por non contestar foi recollida só en termos de resposta espontánea dos/as informantes, e nunca ofrecida como opción de resposta. Por iso, dada a estrutura en baterías das preguntas en escala que constitúen o corpo principal do cuestionario, pensando no seu emprego para constituír variables complexas, o principal inconveniente que se podería derivar sería unha eventual redución mostral se se excluísen todos os casos que deixan sen resposta algunha das variables singulares a considerar en cada caso, xa que, tomándoas unha por unha, o trazo máis destacable vén ser o devandito alto nivel de resposta significativa nas máis das preguntas. E isto resulta particularmente notable nun estudo que trata un asunto, tal como se sinalou, que é especialmente íntimo e delicado, por elo, complexo acadar información.

En todo caso, a experiencia do equipo de Entrevistadores/as xerou un clima xeneralizadamente de confianza nas persoas entrevistadas; de feito coidouse especialmente a delicadeza na abordaxe dos individuos. Un bo exemplo pode ser a entrada que se lía para presentar a enquisa. Velaí o seu texto:

“Bos días/Boas tardes. Estamos a realizar un estudo para a Universidade. Intentamos estudar aspectos moi delicados e sensibles das relacións de parella e os seus conflitos e, aínda que algunhas preguntas pódenlle parecer demasiado íntimas, a súa colaboración, totalmente anónima, resultanos fundamental para este estudo. Repítolle que a selección é ao azar e anónima. Podería contar coa súa colaboración? Moitas grazas”.

Neste punto, entendendo que foron suficientemente tratados todos os elementos precisos para un documento desta natureza.

IV.2. Instrumentos

Variables sociodemográficas: o xénero, a idade, a opción religiosa na que se adscriben, preguntóuselle si tiñan parella ou non, si tiñan fillos/as, cal era o seu nivel de estudos e o da súa parella, e cal era a súa situación laboral e a da súa parella.

Para medir as actitudes sexistas hacia mulleres e homes empregáronse os seguintes cuestionarios:

